



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC03	Animación sociocultural e turística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1129	Información xuvenil	2023/2024	0	133	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ESTEFANÍA GARCÍA AMOR
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza o contexto dos servizos de información para a xuventude, para o que analiza o marco legal e competencial
RA2 - Planifica a intervención en información xuvenil identificando a estrutura do servizo de información xuvenil, as demandas e os medios de difusión
RA3 - Selecciona recursos de información para a xente nova en relación coas técnicas de procura e recuperación de información
RA4 - Realiza accións de información e asesoramento para a xuventude en relación coas necesidades detectadas
RA5 - Desenvolve o seguimento do proceso xustificando a selección das estratexias, técnicas e instrumentos de avaliación

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Describiuse a organización e a xestión dos servizos de información xuvenil (SIX), e comprobouse a súa especificidade respecto a outros servizos de información
CA1.2 Identificouse a lexislación autonómica reguladora dos servizos de información xuvenil
CA1.3 Identificáronse os recursos humanos do servizo de información xuvenil coas súas correspondentes funcións, de acordo coas súas titulacións e a súa formación
CA1.4 Identificáronse os recursos materiais e espaciais que se precisen
CA1.5 Definíronse os elementos da xestión de recursos materiais e económicos (orxamentos, normas, tipos de subvencións, etc.) que interveñen en programas e proxectos de información xuvenil
CA1.6 Diferenciáronse as vías de financiamento dos servizos de información xuvenil
CA2.1 Describíronse as necesidades e as demandas da xuventude, aplicando a lexislación e de acordo cos plans estratéxicos de referencia e cos principios deontolóxicos da información xuvenil



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA2.2 Diferenciáronse as fontes de documentación sobre a xuventude: observatorios de xuventude, estudos sociolóxicos, bibliotecas especializadas, censos, publicacións, etc
CA2.3 Identificáronse técnicas de selección e elaboración de información, orientación e asesoramento en concordancia coa xente nova usuaria en espazos físicos e virtuais
CA2.4 Identificouse a linguaxe e os soportes da información adaptados ao contexto e ás circunstancias socioculturais e lingüísticas da poboación receptora
CA2.5 Descríbíronse os medios de difusión a través dos cales se realiza a transmisión da información e da documentación
CA2.6 Identificáronse os sistemas de recollida de demandas da xente nova nos servizos de información xuvenil que faciliten a mellora do proceso de atención e información
CA3.1 Definíronse recursos de información para utilizar
CA3.2 Clasificáronse recursos de información tendo como referencia as necesidades da poboación xuvenil
CA3.3 Descríbíronse os recursos sobre os servizos de vivenda
CA3.5 Descríbíronse os recursos de servizos de formación
CA3.6 Consideráronse os recursos de servizos de lecer e tempo libre
CA3.7 Descríbíronse os recursos de información sobre servizos de mobilidade
CA4.3 Argumentouse a importancia dos programas de emancipación xuvenil
CA4.4 Descríbíronse proxectos europeos e intercambios xuvenís
CA4.5 Xustificouse a necesidade dos programas de participación xuvenil e voluntariado
CA4.6 Definíronse programas de formación para a xuventude
CA5.1 Descríbíronse os protocolos previstos no seguimento do usuario e das intervencións
CA5.2 Estableceuse a secuencia dos momentos do proceso de control e seguimento da intervención
CA5.3 Analizáronse sistemas de observación e avaliación continuos para a mellora da calidade dos servizos e actividades na información xuvenil



Criterios de avaliación do currículo
CA5.5 Identificáronse os protocolos e os rexistros de avaliación de actividades formativas no marco da información xuvenil
CA5.6 Identificáronse os procedementos para realizar unha memoria que reflectan a información salientable para lle transmitir ao promotor dun servizo de información xuvenil

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza o contexto dos servizos de información para a xuventude, para o que analiza o marco legal e competencial
RA2 - Planifica a intervención en información xuvenil identificando a estrutura do servizo de información xuvenil, as demandas e os medios de difusión
RA3 - Selecciona recursos de información para a xente nova en relación coas técnicas de procura e recuperación de información
RA4 - Realiza accións de información e asesoramento para a xuventude en relación coas necesidades detectadas
RA5 - Desenvolve o seguimento do proceso xustificando a selección das estratexias, técnicas e instrumentos de avaliación

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Identificouse a lexislación autonómica reguladora dos servizos de información xuvenil
CA1.3 Identificáronse os recursos humanos do servizo de información xuvenil coas súas correspondentes funcións, de acordo coas súas titulacións e a súa formación
CA1.4 Identificáronse os recursos materiais e espaciais que se precisen
CA1.7 Valoráronse os recursos relacionais da información xuvenil



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA2.3 Identificáronse técnicas de selección e elaboración de información, orientación e asesoramento en concordancia coa xente nova usuaria en espazos físicos e virtuais
CA2.4 Identificouse a linguaxe e os soportes da información adaptados ao contexto e ás circunstancias socioculturais e lingüísticas da poboación receptora
CA2.5 Describíronse os medios de difusión a través dos cales se realiza a transmisión da información e da documentación
CA2.6 Identificáronse os sistemas de recollida de demandas da xente nova nos servizos de información xuvenil que faciliten a mellora do proceso de atención e información
CA2.7 Xustificouse a necesidade de aplicación de procedementos de resposta personalizada ás demandas da xuventude
CA2.8 Valoráronse as boas prácticas e o seu intercambio como medio para as melloras e as innovacións
CA3.1 Definíronse recursos de información para utilizar
CA3.3 Describíronse os recursos sobre os servizos de vivenda
CA3.4 Valoráronse os recursos sobre servizos de emprego
CA3.5 Describíronse os recursos de servizos de formación
CA3.6 Consideráronse os recursos de servizos de lecer e tempo libre
CA3.7 Describíronse os recursos de información sobre servizos de mobilidade
CA4.1 Consideráronse os programas existentes
CA4.2 Identificáronse os fundamentos das técnicas de asesoramento nos programas de información xuvenil
CA4.3 Argumentouse a importancia dos programas de emancipación xuvenil
CA4.4 Describíronse proxectos europeos e intercambios xuvenís
CA4.5 Xustificouse a necesidade dos programas de participación xuvenil e voluntariado
CA4.6 Definíronse programas de formación para a xuventude



Criterios de avaliación do currículo
CA5.4 Elaboráronse indicadores, entre a xente nova e o persoal formador, para a avaliación das accións de formación
CA5.5 Identificáronse os protocolos e os rexistros de avaliación de actividades formativas no marco da información xuvenil
CA5.6 Identificáronse os procedementos para realizar unha memoria que reflectan a información salientable para lle transmitir ao promotor dun servizo de información xuvenil
CA5.7 Valorouse a avaliación como elemento de calidade

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Son mínimos esixibles todos os criterios de avaliación recollidos no Decreto 205/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación Sociocultural e Turística. De xeito xeral consideráronse mínimos os seguintes:

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva están indicados en cada unha das unidades didácticas. Teranse en conta como criterios mínimos os seguintes:

- Coñecemento da lexislación relevante para a intervención nos procesos de información á mocidade e a organización e xestión dos SIX
- Análise das características e necesidades da xuventude
- Coñecemento das fontes de información e documentación propias da xuventude e dos procesos de elaboración e difusión da mesma.
- Análise dos recursos e programas existentes para a realización de accións de información, orientación e asesoramento...
- Deseño e implementación das accións de información, orientación e asesoramento de mozos e mozas
- Coñecemento dos procesos de control e seguimento vinculados ás accións de información, orientación e asesoramento da mocidade
- Valoración do comportamento profesional fronte os mozos e mozas, a información, o equipo de traballo e o traballo individual

A proba estará composta por unha parte teórica e unha parte práctica. Ambas partes teñen carácter eliminatorio.

- A parte teórica da proba estará composta por unha parte A e unha parte B. Ambas serán calificadas cunha puntuación entre 0 e 10. A cualificación da parte teórica será o resultado de realizar a media aritmética entre a parte A e a parte B. Para poder realizar a media aritmética será necesario obter unha puntuación de 5 ou máis na parte A e na parte B. Aquelas persoas que non superen a parte teórica serán calificadas cun 0 na parte práctica.

- A parte práctica estará composta dunha parte A e dunha parte actitudinal. Ambas serán calificadas cunha puntuación entre 0 e 10. Para poder superar a parte práctica da proba será necesario obter unha puntuación de 5 ou máis na parte A e na parte actitudinal. Otórgase maior peso na cualificación á parte A que á parte actitudinal relacionada cos criterios de avaliación de carácter actitudinal. E para ser coherentes coa presenza destes aspectos actitudinais no currículo; a parte A terá un peso dun 70 % e a parte actitudinal terá un peso dun 30 %



A cualificación final da proba será o resultado de ter otorgado un 50 % do peso á parte teórica da proba e un 50 % do peso á parte práctica.
A proba desenvolverase en galego.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Poderá incluír cuestións de diferente tipo: de elección múltiple, de verdadeiro e falso, e de resposta curta sobre cuestións relacionadas cos contidos do módulo. Así. A proba constará de dúas partes puntuables entre 0 e 10 puntos:

- Parte A: proba obxectiva con preguntas de elección múltiple, ou de verdadeiro e falso na que puntuarán negativamente as respostas erróneas segundo a fórmula: $A-(E/n-1)$, onde $n=n^o$ de opcións de resposta no caso das preguntas de elección múltiple. No caso das preguntas de verdadeiro/falso será necesario xustificar a resposta sempre que consideremos un enunciado falso (considerarase falso un enunciado erróneo ou incompleto); para a corrección do azar consideraremos que 3 erros suporán a anulación dunha resposta acertada.
- Parte B: preguntas curtas, de establecemento de relacións e sobre os conceptos fundamentais.

Cada unha das partes será cualificada cunha puntuación entre 0 e 10. A puntuación final na proba teórica será o resultado da media entre as 2 partes que a compoñen. Para poder facer a media, será necesario ter obtido unha puntuación de 5 ou máis sobre 10 en cada unha das partes.

As persoas que non superen a parte teórica serán calificados cun 0 na parte práctica.

4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte proba dividirse en dúas partes:

Parte A: resolución de casos, elaboración de instrumentos, diseño de materiais, propostas de difusión da información, propostas de accións formativas.

Parte actitudinal: cuestionario e/ou resolución de casos relativos a coñecementos vinculados as actitudes profesionais. Estes coñecementos estarán en relación cos comportamentos adecuados fronte: a información, os mozos e as mozas, os equipos de traballo, o comportamento como profesional individual.

Cada unha das partes será cualificada cunha puntuación entre 0 e 10. Para poder superar esta parte práctica, será necesario ter obtido unha puntuación de 5 ou máis sobre 10 en cada unha das partes A e actitudinal. Otórgase preponderancia ó práctico fronte ó actitudinal para manter coherencia coa presenza no currículo. Polo tanto, o peso final na cualificación dos aspectos prácticos será dun 70 % fronte a un 30 % para os aspectos actitudinais.